



Quen é o Elefante Elegante?

O Elefante Elegante é unha compañía de teatro que crea espectáculos visuais baseados no xesto e no movemento. As creacións do Elefante Elegante buscan a universalidade, xurdindo da fusión de diferentes linguaxes: o teatro físico, a danza, as artes plásticas e as artes visuais.

A compañía, de orixe galego-portuguesa, foi creada en 2007 por María Torres e Gonçalo Guerreiro e ten a súa sede na Coruña. Nace para dar forma artística ás súas inquedanzas sociais e existenciais.



O Elefante Elegante comezou como proxecto experimental no ano 2000 co nome de Teatro Escondido. Este proxecto viaxou durante sete anos entre Galicia, Bélxica e Portugal e del facían parte actrices e actores de diferentes países europeos. A súa interpretación baseábase no xogo corporal co obxectivo de desenvolver unha linguaxe teatral universal. Estes anos de experimentación foron fundamentais para que poidera nacer o Elefante Elegante. Os nosos espectáculos teñen sido acollidos en Galicia, Castela, Portugal, Bélxica, Suiza, Francia e Italia.

Este ano recibimos o Premio María Casares ao Mellor Espectáculo 2013 por Nuncabunga, protagonista desta guía didáctica. E á primeira vez na historia destes premios que este galardón recae nun espectáculo adicado ao público infantil.

Podedes visitar a nosa web para ver videos, imaxes e máis información sobre a compañía

www.elefanteelegante.net

Tamén podedes poñervos en contacto connosco a traves de calquer enderezo mail dos que aparecen na web. Encantaríanos ter as vosas impresións sobre o espectáculo "Nuncabunga". Esta feito para vos, polo que a vosas sensacións son moi importantes para nos.



Pequenas guías para a guía:

*- Nuncaunga é un espectáculo adicado a un público infantil dos 3 aos 10 anos, por tanto **esta guía ten contidos adicados ás diferentes idades ás que o espectáculo está dirixido. En cada proposta indícase a idade axeitada para a realización da actividade.***

O material aquí presentado pode ser traballado de xeito autónomo no caso dos máis maiores e cunha maior intervención do mestre no caso dos nenos máis pequenos.

- Aínda que esta guía está concebida para ser traballada logo de ver o espectáculo, hai actividades que poden realizarse a modo de introducción previamente a asistir ao teatro. Estas están indicadas co seu enunciado.

Sinopse de Nuncabunga

Nuncabunga é un espectáculo sen palabras adicado ao público infantil/familiar a partir dos 3 anos. A acción desenrólase nun espazo que evoca un peirao dun porto de pesca. Alí vive unha persoa que nun recuncho construiu o seu fogar. As súas hábitos e rutinas son as súas únicas compañeiras. Un día aparece entalado nunhas redes, un estraño, alguén de fora. Esta aparición ven perturbar a aparente calma do lugar. Logo do inicial susto recíproco, e ante a negativa do primeiro personaxe en acoller ao recién chegado, xurde o conflito no que a conquista de espazo e a creación de fronteiras aparecen como únicas solucións para a supervivencia. A situación, lonxe de arranxarse, vaise degradando ata que os dous personaxes chegan a enfrentarse fisicamente con todo aquilo que teñen ao alcance das súas mans.

Sobre a situación desenvolvida:

A partir de 3 anos:

-Pedir aos alumnos e alumnas que debuxen o momento do espectáculo que primeiro lles ven a cabeza cando pensan nel.

A partir de 5 anos (ou a partir de 3 coa axuda da/o mestre):

- Como podería o personaxe que xa está ter recibido ao que chega no seu espazo-casa?
- Porque tería que compartir a súa comida e o seu fogar cun descoñecido?
- Porque compartir é ás veces tan difícil?



Proceso creativo: Do mar para o escenario

Paseando pola praia os elefantes vimos a cantidade de refugallo que se bota ao mar como se fose un contenedor do lixo e que el a súa vez bota fora para limparse. Pensamos que sería interesante crear un espectáculo a partir de todos estes obxectos. A idea do encontro destes dous personaxes apareceu rapidiño e xa nos puxemos a traballar!

É increíble a cantidade de cousas interesantes que o mar cuspe e a cantidade de cousas que se poden crear con elas para darlles unha segunda vida, e por riba, protexendo a natureza!

Sabedes que incluso no vestiario que levan os personaxes na obra hai obxectos que o mar abandonou nas praias?

A partir dos 3 anos:

Sobre a reutilización e transformación do refugallo

(pode ser realizada antes de asistir ao espectáculo):

- Pedir aos alumnos e alumnas que traian a aula obxectos e materias cuspidas polo mar, obviamente logo de sacarles as areas e darlles unha lavada!

Que mellor excusa para dar un paseo cos pais pola praia no fin de semana!

Cos materiais na aula, e axudados por pedriñas planas da praia, tesoiras e pegamento, tratar de construír bonecos mistutando materiais e texturas. Que bonita decoración para a vosa aula!

Sobre o espazo escénico:

- Pedirlles aos alumnos e alumnas que debuxen o lugar onde se desenvolve a acción e tamén aos personaxes que habitan ese espazo.



Creación dramática propia

Tradicionalmente no teatro se representan pezas de autores dramáticos que as compañías escollen según os seus gustos e necesidades. Outra posibilidade é que ao Elefante Elegante lle convén máis é a de crear as súas propias historias para os espectáculos segundo as súas necesidades creativas.

Con Nuncaunga queríamos falar de xeito lúdico sobre o que implica recibir no noso territorio alguén estraño, alguén que chega de fora e que representa o descoñecido. Cos medos e prexuícios como pano de fondo, botamos a andar para crear a nosa propia historia cos nosos propios personaxes, todo feito á medida!

Sobre a creación do espectáculo

(Pode ser realizado antes de asistir ao espectáculo)

A partir de 10 anos (ou 8 coa guía da/o mestre)

- Que autores dramáticos coñecedes?
- Lembrádesvos do título dalgúnha obra?
- De que temas vos gustaría falar a vos se fosedes a crear un espectáculo?
- A través de que personaxes?

Actividade colectiva:

- 1 - Facer unha escolma dos temas que máis interesan aos nenos e nenas.
- 2 - Escoller tres destes temas.
- 3 - Escoller os personaxes ideais para falar do tema que escolleron.
- 4 - Sentados en círculo, entre todos van construindo a historia. Sucesivamente e respectando a orden do círculo cada un inventa un anaco da historia. O seguinte continua onde o anterior o deixou. Cando chegue ao último a historia ten que estar rematada.

E así con cada tema seleccionado.



Temática do espectáculo

O medo ao descoñecido, a dificultade para compartir e os prexucios conforman os temas ao redor dos que orbita o espectáculo.

Un personaxe chega, está desorientado e perdido, pero feliz por non ter desaparecido nas profundidades mariñas. Ten todas as forzas do mundo para buscar o xeito de sobrevivir no espazo ao que chegou, ten esperanza no futuro.

O outro vive nas súas pequenas rutinas sen relacionarse con ninguén, como se estivese nun mundo pechado para non ser molestado. Os obxectos e o mar son a súa compañía. O que menos lle apetece é ter “veciños”, e menos aínda ter que compartir o seu espazo.

A partir de 6 anos (ou de infantil coa axuda da/o mestre)

Actividade en equipo 1:

Organizar grupos cos nenos e nenas da aula. Cada grupo fara tres listas. Unha que reflexe os sentimentos dela e del ao inicio do espectáculo, outra cando comeza a batalla e unha última cando unha vez que destrozaron todo atopanse compartindo un único metro cadrado de espazo.

Cada grupo debe reflexionar sobre como e porqué foron cambiando os sentimentos de ambos dous personaxes. Ao final, un portavoz de cada grupo comparte as súas conclusións co resto da aula.



Posta en escena

Linguaxe Xestual

No noso espectáculo os xestos substitúen ás palabras. Temos que atopar o xeito de comunicar e transmitir emocións a través do corpo e o movemento. Nuncabunga podería ser presentado en calquer parte do mundo, xa que os espectadores seguirían en todo momento a historia. Esta experimentación sobre o movemento e a comunicación é a que lle da sentido ao noso traballo.

A partir de 6 anos (ou desde infantil coa axuda da/o mestre)

Actividade en equipo 2:

Partindo da listas de sentimentos confeccionada na **Actividade en equipo 1**, escribimos as palabras en anaquiños de papel. Dobrámoslos ben para que non se vexa á palabra escrita e metémolos nunha caixiña. Por turnos, e un a un van a escoller un anaco de papel. Agora, en frente ao seu “público” teñen que expresar co corpo e o rostro a emoción escrita no papel. Os compañeiros e compañeiras van tentando adivinar a emoción proposta. É importante que o neno-actor non se desanime e insista na súa determinación, probando incluso xestos diferentes se ve que a súa primeira proposta non é clara de todo, non sempre é fácil adivinar á primeira!!

Boa sorte e sobre todo... divertídevos xuntos!!